



## CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA EN SITUACIÓNS DE DIFICULTADES ECONÓMICAS PARA O CURSO 2021/22

A Universidade da Coruña (UDC) publica a convocatoria de axudas destinadas ao estudantado matriculado no curso 2021/22 na UDC co fin de contribuír a paliar as dificultades económicas que lle impidan continuar os estudos conducentes a obtención dun título universitario oficial de grao ou máster.

A súa finalidade é a de sufragar os prezos públicos de matrícula.

A dotación total destas axudas será de sesenta mil euros (60.000 €), que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 0300030033 422D 48001. Este importe poderá ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

Esta convocatoria rexerese conforme as seguintes bases:

### 1.<sup>a</sup> SOLICITANTES

Alumnado matriculado nun centro da UDC en estudos oficiais de grao ou máster, que manteña a matrícula durante todo o curso 2021/22, e no que concorran as seguintes circunstancias:

- a) Estar nunha situación de dificultade económica debidamente acreditada que lle impida ao estudante a continuación dos seus estudos.
- b) Non dispor doutras axudas públicas ou privadas destinadas a esta mesma finalidade ou non cumprir os requisitos para obtelas.

**A solicitude destas axudas non implica o aprazamento do pagamento da matrícula.**

### 2.<sup>a</sup> CONTÍA DAS AXUDAS

- 2.1.- A contía da axuda non poderá superar os mil euros (1.000 €) e terá por finalidade sufragar os prezos públicos da matrícula. As axudas concederanse ata esgotar o orzamento.
- 2.2.- Os créditos ou materias obxecto da axuda serán aqueles nos que o/a alumno/a estea matriculado/a con data **31/12/2021**.

Para o cálculo do importe da axuda que lle corresponde a cada solicitante teranse en conta as seguintes normas:

- A axuda só sufragará os créditos ou materias de primeira e segunda matrícula, no caso de estudos de grao, e só os de primeira matrícula nos estudos de máster.
- A axuda calcularase unha vez realizadas as exencións e bonificacións do pagamento dos prezos públicos aos que teñan dereito as persoas beneficiarias na súa matrícula.
- O importe do crédito/materia será o establecido no Decreto 103/2021, do 1 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2021/22.

2.3.- Para estar en condicións de que se lle adxudique a axuda, a persoa beneficiaria non poderá incurrir en ningunha das causas previstas no artigo 13.2 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro.

A xustificación de non incurrir nas prohibicións sinaladas realizarase mediante o modelo de solicitude. Non obstante, dada a natureza destas axudas, non será esixible para ter a condición de beneficiario, que concorran as circunstancias previstas no artigo 13.2 e) da Lei 38/2003.

### 3.<sup>a</sup> INCOMPATIBILIDADES

Estas axudas serán incompatibles con calquera outro beneficio da mesma natureza e finalidade (sufragar os prezos públicos de matrícula).

Ningún estudante poderá percibir máis dunha axuda, aínda que realice simultaneamente varios estudos.

### 4.<sup>a</sup> PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

#### 4.1.- Prazo

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o día hábil seguinte ao da publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC ata as 14:00 horas do 30/04/2022.

#### 4.1.- Lugar de presentación

As solicitudes presentaranse na Sección de Bolsas da UDC, Pavillón de Estudantes, do campus de Elviña (A Coruña), ou no Rexistro Auxiliar de Ferrol (Edificio de Apoio ao Estudo) conforme o **ANEXO I**.

Tamén se poderán presentar por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Admitirase unha única solicitude por persoa.

### 5.<sup>a</sup> DOCUMENTACIÓN

Xunto coa solicitude asinada por todos os membros da unidade familiar, o/a solicitante deberá achegar:

- Os documentos xustificativos ou calquera medio de proba admisible en dereito que acredite a situación de dificultade económica, que lle impida seguir cos seus estudos universitarios, sen prexuízo de que a Comisión de Valoración poida requirirlle outra documentación complementaria.
- Un escrito dirixido á Comisión de Valoración en que se explique polo miúdo a súa situación persoal.

### 6.<sup>a</sup> AUTORIZACIÓN POR PARTE DAS PERSOAS SOLICITANTES

A presentación da solicitude implicará a autorización á Universidade da Coruña para obter directamente da Axencia Estatal de Administración Tributaria a información correspondente relativa ao imposto da renda das persoas físicas do ano 2020, precisa para a resolución da convocatoria.

Tamén implicará a autorización para obter directamente da Dirección Xeral do Catastro (Ministerio de Facenda), información sobre o patrimonio da unidade familiar.

Así mesmo, a UDC queda autorizada para comprobar aquelas outras situacións acreditativas das situacións persoais alegadas que consten en poder dalgunha administración pública.

Para iso **é imprescindible** que as solicitudes sexan asinadas por todos os membros computables da familia.

## 7.<sup>a</sup> VALORACIÓN DAS SOLICITUDES E ADXUDICACIÓN DAS AXUDAS

A valoración das solicitudes realizarase pola Comisión de Valoración, quen propondrá a adxudicación das axudas tendo en conta a situación de dificultade económica, a falta de recursos debidamente acreditados e a existencia de orzamento destinado á presente convocatoria.

A Comisión tamén valorará o rendemento académico da persoa solicitante.

## 8.<sup>a</sup> COMISIÓN DE VALORACIÓN

### 8.1.- Composición

A Comisión de Valoración encargada de valorar as solicitudes, estará composta polas seguintes persoas:

- Presidenta: María José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade
- Secretaria: María Dolores Fernández Vázquez, xefa da Sección de Bolsas
- Vogais:
  - Rosa Rodríguez Díaz, xefa do Negociado de Bolsas
  - Fernando Martínez Abella, profesor da ETS. de Enx. Camiños, Canais e Portos, representante do PDI
  - María Eugenia Amado Vázquez, profesora da Facultade de Fisioterapia, representante do PDI
  - Susana Iglesias Antelo, profesora da Facultade de Economía e Empresa, representante do PDI
  - Jesús Cendán Verdes, profesor da Facultade de Informática, representante do PDI
  - Carlos Torres, representante do alumnado pertencente á Comisión de Selección de Bolseiros do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

### 8.2.- Reunións

A Comisión de Valoración reunirse como mínimo dúas veces durante o curso académico, no mes de febreiro, e no mes de maio, unha vez que remate o prazo de presentación de solicitudes.

### 8.3.- Interpretación

A Comisión está facultada para interpretar todas aquelas circunstancias que concorran nas solicitudes e non queden reflectidas nesta convocatoria.

As dúbidas relacionadas con esta convocatoria poden ser consultadas a través do enderezo electrónico [bolsas@udc.gal](mailto:bolsas@udc.gal) coa indicación no asunto “*Dificultades económicas*”

## 9.<sup>a</sup> RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Unha vez avaliadas as solicitudes pola Comisión de Valoración e realizada a proposta de adxudicación, publicarase no Taboleiro TEO da UDC a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas, coa causa de exclusión.

As persoas excluídas disporán dun prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta listaxe para presentar unha reclamación e/ou achegar documentación.

Examinadas as reclamacións/documentación presentadas, publicarase no TEO a **listaxe definitiva** das persoas admitidas, a resolución de adxudicación das axudas e a listaxe de agarda, se a houber.

## 10.<sup>a</sup> EXENCIÓN DE PAGAMENTO

Unha vez adxudicadas as axudas, o alumnado beneficiario será eximido do pagamento das primeiras e/ou segundas matriculas nos estudos de grao e da primeira matrícula nos estudos de máster, segundo corresponda, no seu resguardo de pagamento mediante unha exención creada para tal efecto, segundo o procedemento que se estableza na resolución definitiva.

## 11.ª PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal).

A solicitude dunha axuda de dificultades económicas, implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC, de acordo coa LOPD e lexitimándose nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RXPd, coa finalidade da correcta xestión das axudas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na LOPD.

A persoa interesada consente no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>) no apartado “Outros trámites”.
- b) Mediante unha solicitude por escrito ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001, A Coruña, ben ao correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal). Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ben ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal). Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

### DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

Asinada por Julio E. Abalde Alonso, o reitor da UDC

**SOLICITUDE DE AXUDAS AO ESTUDO PARA O ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA EN SITUACIÓN DE DIFICULTADES ECONÓMICAS - CURSO 2021/22**
**DATOS PERSOAIS:**

Apelidos: .....  
 Nome: ..... NIF: ..... Data de nacemento: .....  
 Enderezo **familiar**: .....  
 Poboación: ..... Provincia: ..... Código postal: .....  
 Enderezo **durante o curso**: ..... Código postal: .....  
 Poboación: ..... Provincia: ..... Código postal: .....  
 Teléfonos: .....  
 Traballou en 2020:  si ou  non Percibiu desemprego:  si ou  non

**DATOS ACADÉMICOS:**

Posúe algún título universitario:  si ou  non  
 En caso afirmativo indique cal: .....  
 Estudos que cursa en 2021/2022: .....  
 Estudos realizados en 2020/2021\* .....  
 Se solicitou outras bolsas ou axudas, relaciónneas: .....  
 \*O alumnado procedente doutras universidades deberá achegar unha certificación académica dos estudos cursados expedida pola universidade de procedencia.

**MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR QUE RESIDEN NO DOMICILIO FAMILIAR (ano 2020)**

	Apelidos e nome	Parentesco	Profesión ou estudos	Data de nacemento	NIF	Localidade de traballo ou estudos	Sinaturas
1							
2							
3							
4							
5							

As persoas que asinan declaran baixo a súa responsabilidade: que aceptan as bases da convocatoria; que cumpren os requisitos esixidos nela, así como o seu mantemento durante o tempo esixido, incluído o de non se atoparen incursas en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións sinaladas no artigo 13 da Lei 28/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; e que se encontran ao corrente das obrigas tributarias fronte á Seguridade Social, asumindo o compromiso de comunicar calquera variación que se produza no contido da presente declaración respecto das citadas prohibicións e obrigas conforme ao determinado no apartado 3 da convocatoria.

Así mesmo, comprométese a achegar os xustificantes e documentos que sexan requiridos pola administración.

Autorizan á Universidade da Coruña a obter, a través das correspondentes administracións tributarias, os datos necesarios para determinar a renda e patrimonio familiar para os efectos da axuda.

Lugar e data: .....

**Sinatura do/a solicitante:**

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos ("Regulamento Xeral de Protección de Datos" ou RXP), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto don: rúa da Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal).

A solicitude dunha axuda de dificultades económicas do plan propio da UDC, implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC, de acordo coa LOPD e lexitimándose nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RXP, coa finalidade da correcta xestión destas axudas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consinte expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na LOPD.

Vexase a información completa de protección de datos na propia convocatoria.